

10 IDEAS CLAVE SOBRE A CRISE DE MUFACE

1

CCOO defende un sistema público de calidade para todo o mundo e **dotado suficientemente de persoal e recursos**. Tamén defende e os **dereitos do funcionariado**, neste caso, relativos á súa asistencia sanitaria

2

O Sistema Nacional de Saúde **pagámolo entre todas e todos mediante impostos xerais** (IRPF, IVE, etc.) e non coas cotizacións á Seguridade Social

3

Todas as persoas mutualistas **pertencen a MUFACE de forma obrigatoria**, escollan asistencia sanitaria pública ou privada

4

MUFACE é un dereito inherente polo que as persoas mutualistas **pagan mensualmente en cada nómina** e que representa unha **parte das súas condicións laborais**

5

A prioridade é **resolver o problema de atención sanitaria inmediata para 1,5 millóns de persoas** que pertencen a MUFACE

6

O traspaso masivo e inmediato destas persoas ao Sistema Nacional de Saúde (SERGAS en Galicia) é unha **opción inviable, pouco realista e irresponsable**

7

A incorporación non planificada de máis dun millón de persoas suporía o **desbordamento e saturación** dos servizos públicos de saúde e un **aumento nos concertos coa sanidade privada** a un custo maior que o de MUFACE

8

CCOO mobilizouse esixindo a adopción de medidas ao Goberno, a MUFACE e ás entidades aseguradoras que actúan cunha **voracidade insaciable** e **utilizan ao funcionariado como refén**

9

As empresas aseguradoras poden presentarse á última licitación do concerto de asistencia sanitaria de MUFACE. No caso de non facelo ningunha, a asistencia sanitaria está **garantida ata abril** e o Goberno podería **obrigar a mantela ata outubro**

10

CCOO seguirá apostando pola **unidade sindical** na defensa dos dereitos das persoas traballadoras, da súa atención sanitaria e do fortalecemento dos servizos públicos e non descarta novas mobilizacións

